

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 8 de outubro de 2018 na sala de xuntas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, que poden ser do seu interese:

- \* Aprobación da acta da correspondente á sesión ordinaria do 20 de xullo de 2018.
- \* Aprobación da proposta de modificación do título Máster Universitario en “Estudios Ingleses Avanzados y sus Aplicaciones”.
- \* Aprobación de prórrogas de contratos de investigadores distinguidos da Universidade de Vigo.
- \* Desestimación do recurso de alzada interposto por Dna. Itziar Goicoechea contra o acordo da Comisión Permanente do Departamento de Deseño na Enxeñaría, polo que se lle asigna docencia da materia Proxectos.
- \* Designación como representantes da Universidade de Vigo no Consello de Administración de Cidade Universitaria, S.A. - CUSA- de D. José L. Míguez Tabarés, Dna. M<sup>a</sup> Consuelo Pérez Vázquez e Dna. Raquel Souto García.
- \* Aprobación dos seguintes convenios: Acordo marco de cooperación entre a Universidade de Vigo e a National Technical University Harkiv Pol Ytechnic Institute – Acordo de cooperación educativa entre a Universidade de Vigo e a National Technical University Harkiv Pol Ytechnic Institute para a realización de prácticas no estranxeiro – Acordo específico entre a Universidade de Vigo e a National Technical University Harkiv Pol Ytechnic Institute para o intercambio de estudantes – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Sao Paulo (Brasil) e a Universidade de Vigo para o recoñecemento mutuo de estudos – Convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo, a Universidade da Coruña e BUGGYPOWER S.L. para a realización de prácticas de alumnos/as do Máster Universitario en Acuicultura – Convenio entre as universidades de Cádiz, A Coruña, Vigo e Santiago de Compostela para prácticas do alumnado do Máster Universitario en Bioloxía Mariña – Convenio de colaboración entre a fundación pública galega Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para proporcionar aos investigadores do SUG acceso a recursos de supercomputación, almacenamento de datos e comunicación – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad de Antioquia (Colombia) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad de Antioquia (Colombia) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad de Madero (México) – Convenio específico entre a Universidade de Vigo e a Universidad de Madero para o intercambio de estudantes – Primeira addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o financiamento de agrupacións estratéxicas de investigación – Acordo de réxime de cotutela dunha tesis doctoral entre a Universidade de Vigo e a *University of Tunis El Manar (UTM), Faculty of Science of Tunis(FST)* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Católica de Cuyo San Juan – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Católica de Cuyo San Juan para o intercambio de estudantes.
- \* Designación de D. Óscar Moldes Pita como representante de estudantes no *Consejo de Estudiantes Universitarios del Estado* – CEUNE –.
- \* Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno:
  - \* Organización Académica e Profesorado
    - Sector PAS: Cebro Rodríguez, Xoan M.
    - Sector PDI: Lavilla Beltrán, M<sup>a</sup> Isela
  - \* Investigación
    - Sector PAS: Cebro Rodríguez, Xoan M.
  - \* Extensión Universitaria e Estudantes
    - Sector PDI:
      - Ferreiro Vázquez, Óscar
      - Reboreda Morillo, Susana
    - Sector PAS: Cebro Rodríguez, Xoan M.

Vigo, 8 de outubro de 2018  
O Secretario Xeral,



Miguel Ángel Michinel Álvarez